



6º E. Infantil A

LUNS 30	MARTES 31	MÉRCORES 1	XOVES 2	VENRES 3
<p>Lóxica-matemática</p> <p>. Decorar un nº do cero ao 9 con material de refugallo para darlle vida.</p> <p>. Facer tarxetas de números e poñer tantas pinzas como indique a cantidade. Con estas tarxetas podemos xogar a facer sumas e restas sinxelas</p> <p>. Busca de números pola casa. Onde podemos atopalos? No mando da tele, nos zapatos... Escribimos o número e poñemos o anterior e o posterior.</p> <p>. Debuxamos obxectos da casa que teñen forma de figuras xeométricas</p> <p>. Pinchamos un pau de espetada nunha bola de plastilina e imos mettendo o número de macarróns que nos indican as tarxetas de números confeccionadas.</p> <p>. Facer a grafía dos números nun prato con fariña ou pan relado.</p>	<p>Linguaxe oral</p> <p>. Elixir catro palabras e inventar con elas un conto. Pintamos nos dedos caras simulando os protagonistas, podemos movelos e crear diálogos representando o conto.</p> <p>. Cantar cancións e recitar poesías aprendidas na clase.</p> <p>. Xogo das palabras encadeadas.</p> <p>. Xogar ao quen é quen.</p> <p>. Adiviñas: Facer xestos imitando un animal, unha persoa da familia, unha cousa da casa e adiviñar de quen o de que se trata.</p> <p>. Contámoslles ás familias como é a nosa mascota Tita, describímola e falamos das cousas que fai na escola...</p>	<p>Lecto-escritura</p> <p>. Facer un menú saudable debuxando e escribindo o nome dos alimentos que o compoñen.</p> <p>. Riscar no calendario o día que é, escribir a data (o día da semana, e o mes).</p> <p>. Elaborar unha receita para compartir coa familia.</p> <p>. Recortar alimentos saudables dun folleto da compra. Pegalos nun folio e escribir o nome do alimento.</p> <p>. Facer frases sinxelas coas palabras que copiamos anteriormente.</p> <p>. Lectura dun conto e ficha de comprensión lectora.</p> <p>. Nomear algunhas accións que fan ao longo da xornada: asear, almorzar, xogar...e facer tarxetas con debuxos que representen estas accións. Facer secuencias temporais coas tarxetas elaboradas, coas accións que facemos ao longo do día.</p>	<p>Ciencias</p> <p>. Facer tarxetas de animais salvaxes e animais domésticos, debuxar e escribir o nome de cada animal.</p> <p>. Debuxar o proceso de crecemento dunha planta. (actividade que facemos na horta).</p> <p>. Imitar os sons de diferentes animais.</p> <p>. Sementar nun vaso de iogur un garavanzo, unha lentella ou unha faba.</p> <p>. Debuxar o contorno dun animal e rasgar papel de cores ou de folletos da compra facendo boliñas e pegándoas no contorno do animal.</p> <p>. Debuxar un mar con diferentes animais mariños (lembramos os disfraces e o mural do entroido).</p>	<p>Día dos experimentos</p> <p>. Facemos un arco da vella.</p> <p>. O ciclo da auga.</p> <p>. Unha chuvía de cor.</p> <ul style="list-style-type: none"> Estes experimentos serán explicados polas canles de comunicación habituais coas familias.